

Informe dos Servizos Xurídicos sobre as materias competenciais autonómicas nas que podería encadrarse a Proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética

Consulta

O 2 de febreiro de 2016, a Mesa da Cámara, logo da audiencia da Xunta de Portavoces na mesma data, require informe dos Servizos Xurídicos, tendo en conta o escrito do Grupo Parlamentario Popular (doc. núm. 46385) que o solicita, por se houbese que facer algunha observación relativa ao ámbito competencial no que encadrar a Proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética (doc. núm. 37326) e que resultase de interese para os grupos parlamentarios.

A dita Proposición de lei de iniciativa popular foi tomada en consideración na sesión do Pleno do 26 de xaneiro de 2015.

Consideracións

Primeira. Breve referencia ás razóns que motivaron a presentación da proposición de lei e á súa estrutura

As principais razóns para xustificar a proposición de lei, segundo a súa exposición de motivos, están na necesidade de establecer unha tarifa eléctrica máis baixa coa finalidade de obter un beneficio económico para Galicia, favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e para posibilitar o seu crecemento industrial. Incídese na pertinencia de fixar unha tarifa eléctrica máis baixa debido ao excedente de produción eléctrica existente en Galicia, ás perdas no seu transporte e distribución e ás peaxes existentes. Preténdese, igualmente, impulsar o crecemento de enerxías renovables, as medidas de aforro e eficiencia enerxéticos e a creación dunha tarifa eléctrica industrial estable que favoreza a localización e o desenvolvemento industrial. Abondando nos fins da proposición de lei, aspírase a defender aquelas persoas en situación de pobreza enerxética por seren incapaces da afrontar o pagamento das facturas de consumo de enerxía eléctrica e de gas, especialmente durante o inverno.

O texto da proposición de lei, logo dunha exposición de motivos, articúlase en tres artigos, seguidos dunha disposición derogatoria única e dunha disposición derradeira única.

Segunda. Materias competencias nas que podería encadrarse a proposición de lei

Conforme ao requirido, faremos unha análise do sistema de distribución competencial vixente e a xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto das materias que poderían quedar afectadas pola proposición de lei.

1. Materias nas que podería encadrarse o capítulo I.” Medidas para garantir a enerxía como servizo público para o desenvolvemento económicos de Galicia”

O capítulo I da proposición de lei inclúe so o artigo 1 que establece como directriz normativa que o Goberno galego poña en práctica no ámbito das súas competencias e promova e defenda nos órganos de cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas, medidas encamiñadas a acadar unha serie de obxectivos concretos que se definen nos diferentes ítems nos que se divide. Este artigo di o seguinte:

Artigo 1. Política enerxética

A Xunta de Galicia porá en práctica no ámbito das súas competencias e promoverá e defenderá nos órganos de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas medidas encamiñadas a:

a) A participación da Xunta de Galicia, directamente ou a través de empresas mixtas, para o aproveitamento público de todos os recursos enerxéticos, así como de todas as instalacións de produción, distribución e transporte existentes en Galicia.

b) A implantación dunha tarifa eléctrica máis baixa para Galicia, partindo dunha redución do 30 % das peaxes do sistema eléctrico.

e) A diversificación das fontes de enerxía e recuperación das primas para permitir o desenvolvemento das enerxías renovables.

d) A aprobación dun plan de medidas para o fomento do aforro e de eficiencia no consumo enerxético.

e) A exixencia da inclusión de Galicia no actual Plan estatal do carbón.

f) A creación dunha tarifa industrial estable, con variacións predicibles, á que se poidan acoller os grandes consumidores baixo o cumprimento dunha serie de requisitos de consumo, potencia contratada e dispoñibilidade de interrupción da subministración se for preciso para a xestión do sistema eléctrico.

O contido normativo do artigo é complexo no senso de que pode descompoñerse en diversos preceptos que, desde o punto do sistema de distribución de competencias entre o Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia, poderían incidir en varias materias competenciais. Entre os aspectos que prevé están os seguintes:

-Participación da Xunta de Galicia no referido ao aproveitamento público de todos os recursos enerxéticos.


-Participación da Xunta de Galicia no relativo ás instalacións de produción, distribución e transporte de recursos enerxéticos.

-Implantación dunha tarifa eléctrica máis baixa para Galicia, coa redución como partida no 30% das peaxes do sistema eléctrico.

-A diversificación das fontes de enerxía.

- Recuperación das primas para permitir o desenvolvemento das enerxías renovables.
- Aprobación dun plano de medidas para o fomento do aforro e de eficiencia no consumo eléctrico.
- Inclusión de Galicia no Plano Estatal do Carbón.
- Creación dunha tarifa industrial estable.

Ao noso xuízo, o parágrafo introdutorio do artigo 1 é esencial para determinar a incidencia que pode ter a regulación no sistema de distribución de competencias cando dispón que: “A Xunta de Galicia porá en práctica no ámbito das súas competencias e promoverá e defenderá nos órganos de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas medidas encamiñadas a:”



Da redacción dese artigo e tendo en conta os criterios aplicables na interpretación das normas xurídicas (art. 3 do Código civil, STS do 28 de xullo de 1986 e STC 77/1996) tírase que non se pretende tanto legislar sobre os recursos e os sectores enerxéticos como, dentro do marco competencial existente, sentar unha serie de directrices que deben ser tidas en conta polo Goberno galego. Estas medidas a adoptar executaríanse no ámbito da súa competencia e promoveríanse e defenderíanse nos órganos de cooperación entre as administracións estatal e autonómica que poderían ser conferencias sectoriais e outros órganos de colaboración (arts. 4 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ata que entre en vigor a Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, que dedica os artigos 143 a 154 a regular as relacións de cooperación entre as administracións públicas). E, en relación co principio de colaboración entre o Estado e as comunidades autónomas, a xurisprudencia é moi numerosa: SSTC 18/1982, 76/1983, 80/1985, 39/1986, 13/1988, 214/1989, 36/1994, 149/1998 e 31/2010, entre outras. Como resumo, o dito tribunal afirma na sentenza 40/1998 que para integrar as competencias estatal e autonómicas débese acudir, en primeiro lugar, a fórmulas de cooperación xa que este principio está implícito nos sistema das autonomías. E tamén di que o correcto funcionamento do Estado das autonomías depende en boa medida da estrita suxeición do Estado e das comunidades autónomas ás fórmulas racionais de cooperación, consulta, participación, coordinación, concertación ou acordo previstos na Constitución e nos estatutos de autonomía. Precisa que as fórmulas de colaboración son especialmente necesarias nos supostos de concorrencia de títulos competenciais nos que se deben buscar aquelas solucións coas que se consiga optimizar o exercicio de ámbalas dúas competencias, podéndose elixir, en cada caso, as técnicas que resulten máis axeitadas: o mutuo intercambio de información, a emisión de informes previos nos ámbitos da propia competencia ou a creación de órganos de composición mixta.

A) Nunha primeira cualificación competencial do contido deste artigo e tendo en conta a finalidade perseguida na proposición de lei, a regulación contida nel pode incidir sobre a materia “réxime mineiro e enerxético” verbo da que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia compartida co Estado (arts. 28.3 EAG e 149.1.25.º CE),

polo que lle corresponde á primeira o desenvolvemento lexislativo e a execución da normativa estatal (art. 28 parágrafo primeiro do EAG e STC 31/2010, FX 60).

O artigo 28.3 do EAG sinala:

É competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado, nos termos que a mesma estableza, das materias seguintes:

(...)

3. Réxime mineiro e enerxético.

E o artigo 149.1.25.º da CE dispón:

1. O Estado ten competencia exclusiva sobre as seguintes materias:

(...)

25.º Bases do réxime mineiro e enerxético



Como veremos cando citemos a xurisprudencia do Tribunal Constitucional, dentro do sector enerxético inclúese o sector eléctrico. O réxime legal xeral que regula o sector eléctrico está constituído pola Lei 24/2013, de 26 decembro, do sector eléctrico (LSE), que ten carácter básico (disposición derradeira segunda.1).

Polo que atinxe ao seu obxecto, o artigo 1 dispón:

Artículo 1. Objeto.

1. La presente ley tiene por objeto establecer la regulación del sector eléctrico con la finalidad de garantizar el suministro de energía eléctrica, y de adecuarlo a las necesidades de los consumidores en términos de seguridad, calidad, eficiencia, objetividad, transparencia y al mínimo coste.

2. Son actividades destinadas al suministro de energía eléctrica: generación, transporte, distribución, servicios de recarga energética, comercialización e intercambios intracomunitarios e internacionales, así como la gestión económica y técnica del sistema eléctrico.

No referido ás competencias da Administración xeral do Estado, o artigo 3 di:

Artículo 3. Competencias de la Administración General del Estado.

Corresponden a la Administración General del Estado, en los términos establecidos en la presente ley, las siguientes competencias:

1. Establecer la regulación básica de las actividades destinadas al suministro de energía eléctrica.

2. Determinar, en el ámbito de su competencia, las medidas necesarias para garantizar el suministro de energía eléctrica.

3. Determinar las medidas necesarias para garantizar la sostenibilidad económica y financiera del sistema eléctrico.

4. Ejercer las facultades de planificación eléctrica en los términos establecidos en el artículo siguiente.

5. Establecer el régimen retributivo y fijar la retribución de aquellas actividades que tengan una retribución regulada de acuerdo con lo previsto en la presente ley.

6. Otorgar y revocar el régimen retributivo a las instalaciones y a los sujetos a los que les sea aplicable de acuerdo con lo previsto en la presente ley y en su normativa desarrollo.

7. Regular la estructura de los cargos por costes regulados y de los peajes correspondientes al uso de redes de transporte y distribución, así como establecer los criterios para el otorgamiento de garantías por los sujetos que corresponda y fijar, en su caso, el precio voluntario para el pequeño consumidor como precio máximo del suministro de energía eléctrica a los consumidores que reglamentariamente se determinen.

8. Ejercer las funciones de ordenación previstas en el título II.

9. Regular la organización y funcionamiento del mercado de producción de energía eléctrica.

10. Regular los términos en que se ha de desarrollar la gestión económica y técnica del sistema, aprobando las reglas de mercado y los procedimientos de operación de carácter instrumental y técnico necesarios.

11. Establecer los requisitos de calidad y seguridad que han de regir el suministro de energía eléctrica, teniendo en cuenta los criterios establecidos en el artículo 1.

12. Determinar los derechos y obligaciones de los sujetos relacionados con el suministro de energía eléctrica.

13. Autorizar las siguientes instalaciones eléctricas:

a) Instalaciones peninsulares de producción de energía eléctrica, incluyendo sus infraestructuras de evacuación, de potencia eléctrica instalada superior a 50 MW eléctricos, instalaciones de transporte primario peninsular y acometidas de tensión igual o superior a 380 kV.

b) Instalaciones de producción incluyendo sus infraestructuras de evacuación, transporte secundario, distribución, acometidas y líneas directas, que excedan del ámbito territorial de una Comunidad Autónoma, así como las líneas directas conectadas a instalaciones de generación de competencia estatal.

c) Instalaciones de producción ubicadas en el mar territorial.

d) Instalaciones de producción de potencia eléctrica instalada superior a 50 MW eléctricos ubicadas en los territorios no peninsulares, cuando sus sistemas eléctricos estén efectivamente integrados con el sistema peninsular, de acuerdo con lo establecido en el artículo 25.2.

e) Instalaciones de transporte primario y acometidas de tensión nominal igual o superior a 380 kV ubicadas en los territorios no peninsulares, cuando estos estén conectados eléctricamente con el sistema peninsular.

14. Impartir, en el ámbito de su competencia, instrucciones relativas a la ampliación, mejora y adaptación de las redes e instalaciones eléctricas de transporte y distribución, en garantía de una adecuada calidad y seguridad en el suministro de energía, con un mínimo impacto ambiental.

15. Inspeccionar, en el ámbito de su competencia, a los sujetos que realicen actividades destinadas al suministro de energía eléctrica reguladas en la presente ley, así como sus instalaciones, en los términos previstos en la presente ley y su normativa de desarrollo.

16. Sancionar, en el ámbito de su competencia y de acuerdo con lo dispuesto en la presente ley y disposiciones que la desarrollen, las infracciones cometidas.

No referente á planificación eléctrica:

Artículo 4. Planificación eléctrica.

1. La planificación eléctrica tendrá por objeto prever las necesidades del sistema eléctrico para garantizar el suministro de energía a largo plazo, así como definir las necesidades de inversión en nuevas instalaciones de transporte de energía eléctrica, todo ello bajo los principios de transparencia y de mínimo coste para el conjunto del sistema.

Únicamente tendrá carácter vinculante la planificación de la red de transporte con las características técnicas que en la misma se definen.

2. La planificación eléctrica será realizada por la Administración General del Estado, con la participación de las Comunidades Autónomas y Ciudades de Ceuta y Melilla, requerirá informe de la Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia y trámite de audiencia. Será sometida al Congreso de los Diputados, de acuerdo con lo previsto en su Reglamento, con carácter previo a su aprobación por el Gobierno, y abarcará periodos de seis años.

3. Dicha Planificación incluirá los siguientes aspectos:

a) Con carácter indicativo, varios escenarios sobre la evolución futura de la demanda eléctrica incluyendo un análisis de sensibilidad en relación con la posible evolución de la demanda ante cambios en los principales parámetros y variables que la determinan y un análisis de los criterios que conducen a la selección de un escenario como el más probable. Sobre el escenario seleccionado se analizarán los recursos necesarios para satisfacerla y sobre las necesidades de nueva potencia, todo ello en términos que fomenten un adecuado equilibrio entre la eficiencia del sistema, la seguridad de suministro y la protección del medio ambiente.

b) Estimación de la capacidad mínima que debe ser instalada para cubrir la demanda prevista bajo criterios de seguridad del suministro y competitividad, diversificación energética, mejora de la eficiencia y protección del medio ambiente.

c) Previsiones relativas a las instalaciones de transporte y distribución de acuerdo con la previsión de la demanda de energía eléctrica, que resulten óptimas conforme al análisis de coste y beneficio de las distintas opciones o niveles de adecuación del sistema para atender dicha demanda garantizando la seguridad de suministro.

d) El establecimiento de las líneas de actuación en materia de calidad del servicio, tendentes a la consecución de los objetivos de calidad.

e) Las actuaciones sobre la demanda que optimicen la gestión de los recursos y fomenten la mejora del servicio prestado a los usuarios, así como la eficiencia y ahorro energéticos.

f) La evolución de las condiciones del mercado de producción para la consecución de la garantía de suministro.

g) Los criterios de protección medioambiental que deben condicionar las actividades de suministro de energía eléctrica, con el fin de minimizar el impacto ambiental producido por dichas actividades.

4. Los planes de desarrollo de la red de transporte, que se deberán incluir en la planificación eléctrica, recogerán las líneas de transporte y subestaciones previstas, abarcarán periodos de seis años e incluirán criterios y mecanismos de flexibilidad en cuanto a su implementación temporal para adaptarse a la evolución real de la demanda de electricidad, sin perjuicio de su revisión periódica cuando los parámetros y variables que sirvieron de base para su elaboración hubieran variado.

Excepcionalmente, por acuerdo del Consejo de Ministros, previo trámite de audiencia, informes de la Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia y de las Comunidades Autónomas y Ciudades de Ceuta y Melilla afectadas y oído el operador del sistema, se podrá proceder a la modificación de aspectos puntuales de los planes de desarrollo cuando se produjera alguna de las siguientes situaciones:

a) De acuerdo a los criterios de planificación establecidos, se haya presentado un hecho imprevisto que pudiera afectar de manera significativa a la garantía y seguridad de suministro.

b) Surjan nuevos suministros cuya alimentación por motivos técnicos únicamente pueda realizarse desde la red de transporte y ésta no pudiera realizarse bajo la planificación de la red de transporte vigente.

c) Concurran razones de eficiencia económica del sistema.

Estas actuaciones podrán ser propuestas por el operador del sistema y gestor de la red de transporte motivando su carácter excepcional.

El Ministro de Industria, Energía y Turismo, a propuesta del operador del sistema y previo informe de la Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia, podrá aprobar las adaptaciones de carácter técnico necesarias para la realización de los planes de desarrollo incluidos en la planificación eléctrica.

La planificación de la red de transporte de energía eléctrica, incluyendo las eventuales revisiones que pudieran realizarse, se llevará a cabo sujetándose al principio de sostenibilidad económica y financiera del sistema eléctrico previsto en el artículo 14 y, en todo caso, teniendo en cuenta los límites de inversión anual que se establezcan reglamentariamente.

5. Sin perjuicio de lo previsto en los apartados anteriores, el Gobierno podrá aprobar, con carácter indicativo, planes relativos al aprovechamiento energético de las fuentes de energía renovables y de eficiencia energética en el sector eléctrico, al objeto de favorecer el cumplimiento de los objetivos que pudieran establecerse para España en estas materias, derivados de la pertenencia a la Unión Europea.

6. La planificación eléctrica podrá incluir un anexo, de carácter no vinculante, con aquellas instalaciones de la red de transporte que se estime necesario poner en servicio durante los años posteriores al horizonte de la planificación. La inclusión de una instalación en este anexo servirá solamente a los efectos de iniciar los trámites administrativos pertinentes de la referida instalación. Antes de dictar las resoluciones que corresponda podrá acordarse la suspensión

en los procedimientos administrativos relativos a las instalaciones objeto de este apartado hasta la inclusión de las mismas en la planificación eléctrica vinculante. El contenido del citado anexo podrá ser modificado bajo los mismos supuestos contemplados en el apartado 4 de este artículo y atendiendo a los procedimientos allí previstos.

E no que atinxe á regulación dos prezos das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución:

Artículo 16. Peajes de acceso a las redes y cargos asociados a los costes del sistema.

1. El Ministro de Industria, Energía y Turismo, previo Acuerdo de la Comisión Delegada del Gobierno para Asuntos Económicos, dictará las disposiciones necesarias para el establecimiento de:

a) Los precios de los peajes de acceso a las redes de transporte y distribución, que se establecerán de acuerdo con la metodología establecida por la Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia considerando a estos efectos el coste de la retribución de estas actividades.

b) Los cargos necesarios que se establecerán de acuerdo con la metodología prevista en el presente artículo para cubrir otros costes de las actividades del sistema que correspondan.

Los peajes y cargos así calculados serán únicos en todo el territorio nacional y no incluirán ningún tipo de impuestos.

2. El Gobierno establecerá la estructura y condiciones de aplicación de los peajes de acceso a las redes de transporte y distribución que deberán satisfacer:

a) los consumidores, teniendo en cuenta las especialidades por niveles de tensión y las características de los consumos por periodos horarios y potencia.

b) los productores, teniendo en cuenta la energía vertida a las redes.

3. El Gobierno, previo informe de la Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia, establecerá la metodología de cálculo de los cargos que deberán satisfacer los consumidores y, en su caso, los productores de energía eléctrica, y que cubrirán los costes del sistema que se determinen, sin perjuicio de lo dispuesto para los peajes de transporte y distribución.

Dichos cargos podrán tener en cuenta la estructura de peajes de acceso existentes.

4. En caso de que las actividades o instalaciones destinadas al suministro eléctrico fueran gravadas, directa o indirectamente, con tributos propios de las Comunidades Autónomas o recargos sobre tributos estatales, en el peaje de acceso o cargo que corresponda podrá incluirse un suplemento territorial que cubrirá la totalidad del sobrecoste provocado por ese tributo o recargo y que deberá ser abonado por los consumidores ubicados en el ámbito territorial de la respectiva Comunidad Autónoma.

En el caso de que los tributos sean de carácter local, salvo los contemplados en el artículo 59 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, en el peaje de acceso o cargo que corresponda se le podrá incluir un suplemento territorial que cubra la totalidad del sobrecoste provocado.

Por orden del titular del Ministerio de Presidencia, a propuesta conjunta de los titulares de los Ministerios de Industria, Energía y Turismo y de Hacienda y Administraciones Públicas se determinarán, previo Acuerdo de la Comisión Delegada del Gobierno para Asuntos Económicos, los concretos tributos y recargos que serán considerados a efectos de la aplicación de los citados suplementos territoriales, así como los mecanismos necesarios para la gestión y liquidación de tales suplementos.

5. Con carácter general, y sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 19, los peajes de acceso a las redes y los cargos a los que se refiere el apartado 1 del presente artículo se establecerán anualmente por el Ministro de Industria, Energía y Turismo, previo Acuerdo de la Comisión Delegada del Gobierno para Asuntos Económicos, con base en las estimaciones realizadas. Dichos cargos y peajes de acceso podrán revisarse asimismo cuando se produzcan circunstancias que afecten de modo relevante a los costes regulados o a los parámetros utilizados para su cálculo.

6. Las empresas que realicen las actividades con retribución regulada facilitarán a la Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia y al Ministerio de Industria, Energía y Turismo cuanta información sea necesaria para la determinación de los peajes de acceso a las redes de transporte y distribución, y los cargos necesarios para cubrir otros costes.

A lei define os suxeitos que interveñen no desenvolvemento do sistema:

Artículo 6. Sujetos.

1. Las actividades destinadas al suministro de energía eléctrica a que se refiere el artículo 1.2 serán desarrolladas por los siguientes sujetos:

a) Los productores de energía eléctrica, que son aquellas personas físicas o jurídicas que tienen la función de generar energía eléctrica, así como las de construir, operar y mantener las instalaciones de producción.

b) El operador del mercado, que es aquella sociedad mercantil que tiene las funciones que le atribuye el artículo 29.

c) El operador del sistema, que es aquella sociedad mercantil que tiene las funciones que le atribuye el artículo 30.

d) El transportista, que es aquella sociedad mercantil que tiene la función de transportar energía eléctrica, así como construir, mantener y maniobrar las instalaciones de transporte y todas aquellas funciones que se recogen en el artículo 36.

e) Los distribuidores, que son aquellas sociedades mercantiles o sociedades cooperativas de consumidores y usuarios, que tienen la función de distribuir energía eléctrica, así como construir, mantener y operar las instalaciones de distribución destinadas a situar la energía en los puntos de consumo y todas aquellas funciones que se recogen en el artículo 40.

f) Los comercializadores, que son aquellas sociedades mercantiles, o sociedades cooperativas de consumidores y usuarios, que, accediendo a las redes de transporte o distribución, adquieren energía para su venta a los consumidores, a otros sujetos del sistema o para realizar operaciones de intercambio internacional en los términos establecidos en la presente ley.

Reglamentariamente se establecerá el procedimiento y requisitos para ser comercializador de referencia.

g) Los consumidores, que son las personas físicas o jurídicas que adquieren la energía para su propio consumo.

Aquellos consumidores que adquieran energía directamente en el mercado de producción se denominarán Consumidores Directos en Mercado.

h) Los gestores de cargas del sistema, que son aquellas sociedades mercantiles que, siendo consumidores, están habilitados para la reventa de energía eléctrica para servicios de recarga energética.

Los gestores de carga del sistema son los únicos sujetos con carácter de cliente mayorista en los términos previstos en la normativa comunitaria de aplicación.

2. Los agentes que actúen por cuenta de cualquier sujeto a los efectos de su participación en el mercado de producción y de los cobros y pagos de los peajes, cargos, precios y retribuciones reguladas tendrán la consideración de representantes. Los agentes que actúen como representantes no podrán actuar simultáneamente por cuenta propia y por cuenta ajena. Se entenderá que un representante actúa por cuenta propia cuando participe de forma directa o indirecta en más de un 50 por ciento del capital de la sociedad que representa.

La representación por cuenta ajena podrá ser indirecta, cuando el representante actúa en nombre propio, o directa, cuando el representante actúa en nombre del representado.

Como adelantábamos, o Tribunal Constitucional inclúe dentro da materia “sector enerxético” a submateria “sector eléctrico” que, ao seu xuízo, por constituír un sector estratéxico para o funcionamento de calquera sociedade e representado por si mesmo unha parte moi importante dentro do conxunto da economía nacional, xustifica que poida intervir o Estado na ordenación do sector eléctrico tanto a través do título xeral relativo á planificación xeral da economía (art. 149.1.13.º CE) como mediante o máis específico relativo ao sector enerxético (art. 149.1.25 CE) (STC 18/2011). Agora ben, advirte que o lexislador estatal non pode incidir, con carácter xeral, no sistema de delimitación de competencias entre o Estado e as Comunidade Autónomas establecido pola Constitución e os estatutos de autonomía sen unha expresa previsión constitucional ou estatutaria que non foi definida en materia enerxética (SSTC 197/1996 e 18/2011). Os fundamentos de dereito 6 e 7 da STC 18/2011 din, na parte que entendemos máis relevante, o seguinte:

